

TRINTA AUTORES CELEBRAN O TRIXÉSIMO ANIVERSARIO DE ALVARELLOS EDITORA

- A veterana editorial, fundada en Lugo no mes de maio de 1977, publica un libro conmemorativo onde participan trinta editores, escritores, xornalistas, libeiros, mestres e promotores culturais galegos.
- O volume, que recolle imaxes inéditas e documentos dos trinta anos de vida desta empresa cultural, é unha homenaxe á figura do seu fundador, Enrique Alvarellos Iglesias, aos tres anos do seu pasamento, e tamén unha reflexión sobre o mundo do libro e da edición en Galicia.
- Entre os colaboradores desta obra figuran Isaac Díaz Pardo, Paco del Riego, Xavier Alcalá, Xosé Ramón Barreiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Ramón Villares, Manuel Bragado, Ánxela Bugallo, Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío ou Marcos Valcárcel.

Alvarellos Editora, unha das editoriais máis veteranas de Galicia, cumpre este mes trinta anos de vida. Coincidindo coa efeméride, a empresa, fundada en Lugo por Enrique Alvarellos Iglesias en maio de 1977, acaba de publicar un libro colectivo e conmemorativo titulado *Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia*, onde participan trinta autores: editores, escritores, xornalistas, libeiros, profesores ou promotores culturais do país, entre outros. Todos eles levan a cabo unha reflexión sobre o mundo do libro e a edición en Galicia dende a Transición ata hoxe, e, sobre todo, renden a merecida homenaxe ao fundador desta empresa, Enrique Alvarellos, falecido hai agora tres anos.

Entre os co-autores da obra figuran Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Xavier Alcalá, Xosé Ramón Barreiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Ramón Villares, Manuel Bragado, Ánxela Bugallo, Olívia Rodríguez, Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío ou Marcos Valcárcel.

O volume recolle imaxes inéditas e recortes de prensa dos primeiros meses de vida da editora, e unha selección de documentos a modo de resumo gráfico dos trinta anos deste proxecto cultural.

Conta así mesmo co estudo “Notas para unha historia do libro en Galicia, 1966-2007”, onde o actual director e editor da empresa, Henrique Alvarellos Casas, leva a cabo un percorrido cronolóxico sobre os feitos máis sobranceiros deste proxecto editorial.

Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia será presentado nas próximas semanas en senllos actos públicos en Lugo e Compostela.



OS AUTORES

Participan nesta publicación (por orde alfabética):

Adolfo de Abel Vilela, historiador

Xavier Alcalá, escritor

Xesús Alonso Montero, catedrático emérito de Literatura Galega, ensaísta e polígrafo

José Alonso Sánchez, xornalista de *El Progreso*

Henrique Alvarellos Casas, editor e xornalista

Luís Álvarez Pousa, xornalista e profesor de Xornalismo na USC

Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega da Lingua

Manuel Bragado, editor de Edicións Xerais de Galicia

Ánxela Bugallo, conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia

Tucho Calvo, dir. de Biblos Clube de Lectores e redactor xefe de *La Voz de Galicia*

Toño Castro, maxistrado

Xaime Corral, presidente da Federación de Libreiros de Galicia

Jesús Couceiro, libreiro

Isaac Díaz Pardo, editor, artista e refundador de Sargadelos

Afonso Eiré, director do semanario *A Nosa Terra*

Miguel Anxo Fernán Vello, director de Edicións Espiral Maior e poeta

Francisco Fernández del Riego, co-fundador da Editorial Galaxia

Xesús Fraga, escritor e xornalista de *La Voz de Galicia*

Xosé María G. Palmeiro, xornalista

Alfonso G. Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores

Bieito Ledo, editor de *Ir Indo*

José López Orozco, alcalde de Lugo

Antón Mascato, director adxunto de Nova Galicia Edicións

Xesús Mato, crego rural

Luís Pérez, xornalista e redactor xefe de *El Correo Gallego*

Xosé Antón Perozo, escritor e xornalista

Olivia Rodríguez, profesora de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña

Xosé Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela

Xavier Senín, xornalista e subdir. xeral de Cultura da Xunta entre 1987 e 2006

Anxo Tarrío, catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da USC

Marcos Valcárcel, catedrático de Lingua e Literatura Galegas e historiador

Armando Vázquez Crespo, escritor e xornalista

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega

FICHA TÉCNICA

Título: Alvarellos: 30 anos de edición en Galicia

Páxinas: 152

PVP: 17 €

Medidas: 20x19 cms

Encadernación: capa branda plastificada con lapelas

Idioma: galego

Primeira edición: maio 2007

ISBN: 978-84-89323-14-8

Colección: De varia re

Ilustracións: Galería gráfica con fotos, documentos y recortes de prensa desde 1977 a 2007.

Limiar: "Notas para unha historia do libro en Galicia", por Henrique Alvarellos Casas.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52